



“A figura paterna márcanos tanto como a materna, detesto esa hiperinflación da maternidade como valor absoluto”

[Montse Dopico](#) 5 de febreiro de 2021

<https://praza.gal/cultura/a-figura-paterna-marcamos-tanto-como-a-materna-detesto-esa-hiperinflacion-da-maternidade-como-valor-absoluto>

Unha muller volve á casa que o seu pai ausente, distante, construíra como refuxio dunha vida que non era a que quería. Ao regresar, enfróntase co dique de indiferenza que ela mesma erguera para protexerse da dor do abandono. Mentres, o pai, xa morto, revisa a súa propia vida nun estado de tránsito cara ao máis alá. A partir do proceso que ambos viven, pódense albiscar as transformacións dunha sociedade, a española, durante a Transición. O xeito en que os fillos precisaron matar os pais e nais. Afastarse do seu silencio. Así é *O estado intermedio* (Galaxia), a nova novela de Rexina Vega.

O libro colle o título da idea do estado transitorio que segue á morte do budismo. E a partir da mesma érguese boa parte da estrutura da novela. Por que?

A idea de profundar neses 49 días despois do deceso tomeina dunha noveliña de Antoine Volodine *Bardo or not bardo*. Cando xa estaba metida en fariña vin tamén unha película de Gaspar Noé *Enter the void* que trata o mesmo tema. Alén diso, xusto comecei a escribir logo dun período, poderíamos dicir que espiritual, e que en realidade estaba provocado pola crise da madurez e a menopausa, unha sacudida vital da que non hai aínda rexistros abondos, e que me levou a pescudar intensamente no budismo. Cadraba tamén no tempo a miña lectura, febril, da obra de John Berger, que ten unha dimensión que rescata a comunicación entre os vivos e os mortos. Con todo iso abriuse para min unha porta, a morte interésame desde sempre, creo que tiro máis ao Tánatos có Eros. Que pasa cando morremos?

Unha filla volve á casa do pai para vendela e poder afastarse así do pai que non foi, que rexeita. É un tema moi presente na literatura, e máis aínda, penso, na literatura galega dos últimos anos: a volta a algún lugar da infancia para arranxar contas pendentes. Por que pode estar tan presente no noso contexto?

Este é un dos grandes temas, está claro, aquí e na literatura universal. A relación co pai, co nai é un subxénero en si mesmo. Eu creo que este tema ten máis presenza agora pola auxe da autoficción. Poucas cousas máis importantes nos pasan na vida que enterrar un proxenitor!! Agora, pode que teñas razón, e que nese axuste de contas que significa o punto final dunha relación sempre agónica, inclúase no noso caso o desexo tamén de matar o mundo ao que eles pertencen. De todos xeitos, no meu caso, a cultura labrega, o mundo rural non é visto como un problema, é visto como unha paisaxe. Eu, coma xa moita xente en Galicia, son filla dunha cultura urbana que mantén fortes vínculos co rural, un rural máis amable, desactivado, exótico e ao tempo presente nas capas profundas da identidade. Interesábame pescudar aí.

Ao pai amolábao a vida que tiña. Molestáballe a muller, os fillos, o traballo. Tiña unha vida que non escollera, como era -e é- habitual. Refúxiase nas tabernas, nos compañeiros, nalgún momento na política. O pai é un personaxe típico do seu tempo: home frustrado, pai e marido egoísta. Por que é así? Dalgún xeito quixeches retratar un xeito de ser obreiro e pai dunha época?

Outro dos meus intereses ao escribir *O estado intermedio* é trazar a educación sentimental dunha xeración, dos pais e das nais, de todos. Quería comprender á xeración que protagonizou a Transición, e que é singular en moitos aspectos. Son fillos do franquismo de primeira hora, algo que equivale a dicir que foron educados nun mundo ficticio no que non había pasado. Eles medran aí nese baleiro, nese silenciamento e nas historias fantasiosas do réxime que debuxaba unha guía moi clara e nidia de actuación. Na mocidade esa xeración, en masa, rompe con aqueles cánones tan tan claros, a Transición é un movemento dunha extraordinaria violencia dentro das cabezas.

Esa xeración matou doutro xeito o pai e a nai, dun xeito moito máis frontal que ningunha das anteriores e posteriores. Abriron camiños de liberdade no persoal, pero tiñan unha cadea dentro, reaccionaban contra os valores nos que foron educados e nos que se construíran, pero nunca os esqueceron. Ese modelo de home, que non é exactamente un obreiro, senón un desclasado cheo de contradicións é o que quería reproducir. Curiosamente, pensei moito en Carlos Casares, tamén fillo de mestre e educado no seminario. Salvada a enorme distancia co protagonista do meu libro, creo que esa figura tamén representa á perfección o claroescuro dunha xeración de homes.

Na primeira parte do libro coñecemos a filla, que fala en primeira persoa. Presenta a figura do seu pai falecido. O tempo que non tivo para ela, pero que si tivo por exemplo para estar con varias mulleres. El é, para ela, un Narciso que lle fixo tragar a ela o seu Edipo. Por que decidiches situar en parte aí o conflito?

Interesábame analizar o home que vive en todas nós. Se observas, o normal é que os autores homes maten ao pai nas súas novelas, e as autoras fagan o propio coa nai. Non é tan habitual que unha muller poña o foco na construción da súa subxectividade a través da figura masculina. Porén eu creo que ese é un camiño necesario. A figura paterna márcanos tanto como a materna, detesto esa hiperinflación da maternidade como valor absoluto, que ao tempo é a nosa prisión. As cousas son máis complexas, menos claras. Probablemente a figura do pai, e non a da nai sexa máis determinante nas nosas futuras relacións heterosexuais.

Hai varias citas ao longo do texto sobre a relación dos vivos cos mortos. Que é outro tema ben clásico da literatura galega. Pero este enfoque que ti lle dás non é nada habitual (segundo as crenzas budistas). Por que facelo así?

A nosa tradición de convivencia co “trasmundo” incide sempre no aspecto do temor, é o medo o que se expresa. Falta, para min, un sentido que busque unha maior transcendencia, unha especie de “verdade”. Iso atópase con moita claridade no budismo, unha relixión que nos fai ver que morte e vida son dous estados complementarios. Aprender a morrer, morrer ben, importa. Nun mundo como o noso, de capitalismo avanzado, no que a morte está varrida, no que funcionamos con ese oco, unha enorme elipse que nos enferma, atopar unha vía para poder pensar esta experiencia crucial paréceme necesario.

Unha vida completa pode ser aquela que remate nunha identificación tan completa co non eu que non haxa un eu para morrer, esa é a vía budista que ilumina, penso. Alén do Libro Tibetano dos mortos, a miña novela estrutúrase tamén con “Doce teses sobre a economía dos mortos” de John Berger, que reclama a necesidade de preservar a idea mesma de comunidade indo ao encontro cos nosos defuntos.

Na segunda parte vamos coñecendo a que foi a vida do pai, polo relato que a filla fai dela, e polo que acontece nas pantallas da estación Terminus. Aquí xoga un papel importante a personaxe de Stella: a muller americana de clase alta, de mediana idade, disposta a darse e a comprar pracer no país salvaxe e subdesenvolvido que é, para ela, a España dos 50-60. Por que retratar a España daquel tempo, en parte, desde a perspectiva desta muller?

Como me dixo, non sei se de coña, a dramaturga Avelina Pérez, todas quixeríamos ser Stella, unha muller libre que vai de excursión polo mundo. A España dos 50 e dos 60 era unha postal pintoresca, un país asalvaxado, e ao tempo relativamente seguro, que debía posuír un enorme exotismo para as sociedades máis desenvolvidas. Esa é a época de Ava Gardner en Madrid (claro trasunto de Stella), e de moitos famosos de Hollywood que se fascinan cos touros e o flamenco. Vimos de aí, ese é o noso pasado recente. Quixen contemplalo desde dúas perspectivas, desde a miseria do pozo do tío Raimundo e o glamour da coctelería do Chicote. Dáme a impresión de que nos anos cincuenta e sesenta Madrid era absolutamente o centro, o resto, provincia triste.

O libro contén ou pode conter algunha reflexión sobre a familia como institución opresora, e máis nunha sociedade como a franquista. A familia sempre é o berce da barbarie? Pregúntase a filla. Era parte da túa intención?

A todos nos marca a relación cun pai e cunha nai aos que temos que matar e aos que temos que querer. A familia, ese espazo privado, é un territorio cheo de ambivalencias. Sempre hai feridas, porque os pais non son deus, porque os pais facemos dano, consciente ou inconscientemente. A mirada que deitan os nosos proxenitores sobre nós, a súa sombra é algo que temos que buscar desfacer ao longo de toda a nosa vida. Dámoslle tanta importancia que é imposible que non nos fira. Pode que existan familias máis felices ca outras, pero en todas hai unha carga de infelicidade e frustración.

A filla lembra os anos 70, o despertar do movemento obreiro e, en xeral, da oposición antifranquista. E para o pai fora, por fin, algo que o transcendía: a ilusión da revolución, a embriaguez da clandestinidade. Unha xeración de homes -porque eran movementos moi masculinizados- que sentían a necesidade de matar os pais, o seu silencio, no que a nai tamén fora tamén educada. Estas reflexións da filla son, polo menos en parte, reflexións túas?

Como dixen máis arriba, si, esta é a miña visión sobre a xeración dos criados no franquismo, dacabalo entre a Xeración silenciosa e os Baby Boomers. É unha reflexión sobre un momento crucial da nosa historia recente, a Transición, que eles protagonizaron. Creo que o achegamento

a esta época ten aínda moito interese para comprendermos as trabes mestras que explican o noso presente.

En relación co anterior, a filla reflexiona tamén sobre o mandato do sexo banal do que se adoitou chamar “destape”. Unha exhibición de corpos femininos nunha sociedade que, seguramente, non fixera transición mental ningunha respecto das relacións de xénero. En que sentido este libro reflexiona, tamén, sobre iso, sobre esa falta de transformación das relacións de xénero nas últimas décadas do franquismo?

A mocidade daquel tempo rompeu moitos tabús, supoño que se crían pioneiros absolutos, pero ao tempo a sociedade, as forzas vivas, continuaban a ser profundamente franquistas. É un mundo esquizofrénico o dos anos 70. Intentan conxugar modos antitéticos de estar no mundo. Como vivir unha sexualidade libre nun país profundamente católico? Entre o gozo e a culpa, todo en termos bestiais, porque todo chegou dun xeito abrupto. Esta claro que nesta apertura as vítimas principais foron as mulleres. Que foi de Nadiuska, por exemplo, que era omnipresente cando eu era unha nena? Se indagas polas percorridos das estrelas do destape atoparás un regueiro de xoguets rotos. En realidade, o destape foi unha indecencia.

O pai é para ela un baleiro ao que tratou de afacerse. A nai ensinálle a odialo, e el tamén se afastara. Ela construíra un muro, un dique de indiferenza para protexerse desa dor, desa ferida. E en realidade toda a novela é o relato de como ela tenta xestionar esa ferida, enfrontarse a ela. Mais nin ela parece consegue saír do abandono, nin o pai liberarse. Por que?

Toda ferida deixa cicatrices, non se pode esquecer. Con todo, eu creo que a novela busca comprender e, polo tanto, liberarse. O que se busca é unha asunción do pasado, xa non desde unha posición de vítima, senón desde unha posición de igual. O final é, en realidade, un abrazo.

Está todo escrito con capítulos curtiños e, por veces, bastantes líricos. Por algún motivo especial? Como foi o proceso de escrita?

Esta é unha novela cun moito de experimentación formal. Decidín unha chea de trabas, de construcións formais que fixeron que a historia se dixese así. Está estruturada en dúas partes marcadas por outras obras (as teses de Berger e o Libro Tibetano) e ten un límite temporal, unha noite no que a filla recolle as pertenzas na casa do morto. Alén diso, a lingua coa que traballo está mutilada, chea de lipogramas, homogramas e listas. Todo está medido e calibrado.

Preguntábame, ao lelo, que pasaría se lle tiveses dado á volta aos personaxes. Se a nai - conservadora, de clase media-alta- fose a ausente -a perdida, a activista- en vez de a frustrada na casa. Nese sentido, parece moito máis interesante o personaxe de Stella ca o da nai, sendo seguramente moito máis realista o da nai. Mais, en que sentido podemos establecer un contraste entre Stella e a nai? (A nai está totalmente atrapada no que se agardaba dela, nos roles de nai e esposa...)

Creo que non ten moito sentido establecer un contraste entre eses dous modelos de muller. A nai é simplemente unha subalterna, un produto dunha determinada sociedade, Stella é un ser extraordinario, exótico, unha anomalía.

Vés de ser nomeada Cunqueiriana de Honor. Que significa para ti? Considérase, realmente, cunqueirana?

Sempre que reivindico, nas presentacións e nas entrevistas, a pegada cunqueiriana nas miñas novelas, adoitan indicarme que non, que o que eu fago é moi diferente. Porén en todas as catro

novelas que levo publicadas está Cunqueiro, a súa voz, en citas encriptadas. Alén diso, tanto *Ningún dorme*, que, en realidade é un exercicio de intertextualidade, como en *O estado Intermedio*, onde ademáis da dimensión fantástica, hai un xogo coa linguaxe, está o que eu aprendín en Cunqueiro, o laborioso artificio, a obsesión pola palabra.

Cales seguen a ser os aspectos máis descoñecidos da obra de Cunqueiro?

Por unha banda hai que desfacer moitas simplificacións na súa imaxe como escritor, liberalo, da fantasía do celtismo ou do peso etnográfico, que, en realidade son aspectos absolutamente menores na súa obra. A Cunqueiro cómpre reivindicalo na súa faceta radicalmente experimental, tamén cumpriría promocionalo como valor seguro do canon occidental. Por outra, aínda hai obra que analizar, as súas traducións sobre autores inexistentes, por exemplo, que publicou durante anos nas páxinas culturais do Faro de Vigo, indican que hai toda unha obra poética oculta. Tamén sería interesante profundar na dimensión ibérica do seu percorrido. Un escritor galego con profundas conexións co mundo intelectual madrileño e catalán.